

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0641	Cosmetoloxía para estética e beleza	2023/2024	6	160	192

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA VANESSA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este profesional exerce a súa actividade en medianas e pequenas empresas que teñen relación directa coa imaxe persoal, nomeadamente en establecementos do sector de servizos de estética e peiteado, e en xeral en establecementos relacionados coa venda de produtos de imaxe persoal, así como coa cosmética, desempeñando tarefas de execución de maquillaxe social, depilación mecánica, tratamentos básicos de hixiene, hidratación facial e corporal, estética de mans e pés, asesoramento sobre perfumes e cosmética natural, así como a comercialización dos produtos e os servizos estéticos, ofrecendo un servizo de atención á clientela da empresa. Podería ser persoal traballador por conta propia efectuando a organización da súa propia empresa.

Este módulo profesional contén a formación de soporte necesaria para desempeñar a función de determinar os produtos cosméticos empregados na prestación de servizos básicos de estética e beleza, e na súa promoción e venda.

A formación contida neste módulo aplícase a diferentes funcións deste técnico, e abrangue aspectos relacionados con:

- Identificación dos produtos cosméticos, a súa composición e o mecanismo de acción.
- Selección dos máis axeitados en función do proceso de venda e/ou prestación do servizo estético que se vaia realizar.
- Análise dos efectos que orixinan.
- Manipulación e conservación.
- Asesoramento á clientela.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Selección e asesoramento de cosméticos para maquillaxe e para tratamentos estéticos (cabins de estética, distribuidoras de cosméticos, e tanatorios, na sección de tanatopraxia).
- Almacenamento e conservación de produtos cosméticos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), d) e n) do ciclo formativo, e as competencias a), d) e n)

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a esteticista en centros de beleza e gabinetes de estética.
- Maquillador/ora.
- Técnico/a en uñas artificiais.
- Técnico/a en depilación.
- Técnico/a en manicura e pedicura.
- Recepcionista en empresas estéticas.
- Demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas estéticas.
- Axente comercial en empresas do sector.

-Asesor/ora vendedor/ora en perfumarías e drogarías.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Química cosmética e cosmetoloxía xeral		40	15
2	Introdución ao laboratorio cosmético		14	10
3	Clasificación de cosméticos. Penetración na pel.		23	15
4	Descrición dos cosméticos de hixiene facial e corporal.		35	15
5	Análise dos cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel.		25	15
6	Clasificación dos cosméticos decorativos		25	15
7	Cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamentos de mans e pes e próteses ungueais		20	10
8	Seguridade e hixiene no almacenamento, na conservación na manipulación e na aplicación de cosméticos		10	5

### 4. Por cada unidade didáctica

#### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Química cosmética e cosmetoloxía xeral	40

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os fundamentos da química cosmética e determina os compoñentes dun cosmético, aplicando a regulamentación técnico-sanitaria	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os átomos, os ións e as moléculas que forman as substancias inorgánicas e orgánicas de uso cosmético
CA1.2 Diferenciáronse as expresións de medidas das concentracións das mesturas de uso cosmético
CA1.3 Clasificáronse as substancias e as mesturas químicas segundo o seu pH
CA1.4 Descríbironse as reaccións redox en que interveñan os cosméticos
CA1.5 Xustificouse o uso de determinadas substancias químicas na fabricación cosmética
CA1.6 Definiuse o produto cosmético e diferenciouse do medicamento e do nutricosmético
CA1.7 Analizouse a regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos
CA1.8 Identifícaronse as substancias prohibidas e as restrinxidas
CA1.9 Descríbironse os requisitos que deben cumprir os produtos cosméticos canto ao seu envasamento, a súa etiquetaxe e a data de caducidade
CA1.10 Analizouse a información subministrada polo fabricante dun produto cosmético e comprobouse o cumprimento da lexislación
CA1.11 Descríbironse as características das substancias máis frecuentemente empregadas en cosméticos
CA1.12 Defíníronse os conceptos de principio activo, excipiente e aditivos da composición dun cosmético, e analizouse a función de cada un
CA1.13 Recoñecéronse os principais grupos de compoñentes de diversos cosméticos comerciais

**4.1.e) Contidos**

Contidos
<p>Átomo, molécula, e compostos inorgánicos e orgánicos.</p> <p>0Elementos internos dun cosmético: substancias máis empregadas. Compoñentes internos do cosmético: principio activo, vehículo, aditivos xerais e correctores.</p> <p>Expresións de medidas de concentracións das mesturas de uso cosmético.</p> <p>pH e a súa relación coa cosmética e o órgano cutáneo.</p> <p>Reaccións redox.</p> <p>Substancias químicas de uso frecuente na formulación cosmética.</p> <p>Concepto de cosmético, e diferenzas cos medicamentos e nutricosméticos.</p> <p>Regulamentación técnico-sanitaria de produtos cosméticos.</p> <p>Substancias prohibidas en formulación cosmética.</p> <p>Elementos externos dun cosmético: envase, cartonaxe, prospecto e etiqueta. Etiquetaxe: requisitos. Símbolos (PAO). Ingredientes: composición cualitativa e cuantitativa. Normas da etiquetaxe. Substancias restrinxidas e a súa especificación na etiquetaxe. Nomenclatura ou código INCI.</p>

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Introdución ao laboratorio cosmético	14

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica equipamentos, material de laboratorio e operacións elementais para a preparación de cosméticos, e reconece a natureza fisicoquímica dos produtos cosméticos obtidos	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Xustificáronse as diferenzas entre os sistemas homoxéneos e os heteroxéneos

Criterios de avaliación
CA2.2 Identifícase a composición, as características, as propiedades e a concentración das disolucións, así como a súa aplicación en cosmética
CA2.3 Describiuse a composición, as propiedades e características dos sistemas dispersos heteroxéneos e a súa aplicación en cosmética
CA2.4 Clasifícanse os tensoactivos e analízase a súa función
CA2.5 Interpretáronse as diferenzas entre suspensións, xeles e emulsións
CA2.6 Identifícase a natureza fisicoquímica de diversos cosméticos
CA2.7 Identifícase o material e os equipamentos de laboratorio necesarios para preparar cosméticos
CA2.8 Seguíronse os protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos en condicións de saúde
CA2.9 Aplícanse as medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio necesarias para a fabricación e a manipulación de mesturas de compostos e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde
CA2.10 Realízanse as operacións empregadas na fabricación de cosméticos cos materiais específicos para esas técnicas
CA2.11 Elimínanse de xeito selectivo os residuos dos produtos de refugo xerados
CA2.12 Recoñécense e cubríronse os apartados da ficha de elaboración dun cosmético (compoñentes, concentración, forma cosmética, materiais utilizados, modus operandi, descrición das substancias utilizadas e resultados obtidos)

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Natureza fisicoquímica dos cosméticos: sistemas dispersos, sistemas homoxéneos (disolucións), sistemas heteroxéneos, dispersións (suspensións) xeles, emulsións e aerosois.
O laboratorio: utensilios, materiais e equipamentos. Operacións elementais na preparación de cosméticos.
Protocolos de limpeza e hixiene do material e dos equipamentos necesarios para a fabricación e o envasamento de mesturas e cosméticos sinxelos en condicións de saúde.
Aplicación das medidas hixiénico-sanitarias do persoal no laboratorio, necesarias para realizar os procesos de preparación de mesturas de compostos e cosméticos sinxelos, en condicións de saúde.
Preparación de cosméticos.
Xestión de residuos.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Clasificación de cosméticos. Penetración na pel.	23

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Clasifica os produtos cosméticos e relaciona os graos de penetración cosmética coa acción cosmética	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Clasifícanse os cosméticos en función da súa acción principal e o lugar de aplicación
CA3.2 Identifícanse as formas de presentación dos cosméticos
CA3.3 Descríbense as vantaxes e os inconvenientes de cada forma cosmética, así como a súa forma de utilización
CA3.4 Avaliouse a vía e o grao de penetración dos cosméticos na pel
CA3.5 Analizáronse os factores que inflúen na penetración dos cosméticos na pel e na súa forma de actuar
CA3.6 Determináronse os parámetros que definen a eficacia dos cosméticos, influíndo na súa calidade

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Formas de clasificación cosmética
Formas cosméticas de presentación.
Vías e graos de penetración dos cosméticos na pel.
Factores que inflúen na penetración dos cosméticos.

Contidos
Vectores cosméticos.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Descrición dos cosméticos de hixiene facial e corporal.	35

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Selecciona os cosméticos de hixiene axeitados para cada tipoloxía cutánea, para o que identifica a súa composición, as súas características e a súa forma de actuar	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse os conceptos de limpeza e hixiene, e identificáronse os compoñentes que forman parte da sucidade que se acumula na superficie da pel nas súas diferentes zonas e nos anexos cutáneos
CA4.2 Diferenciáronse os mecanismos de acción das substancias limpadoras
CA4.3 Descríbense as características que deban cumprir os cosméticos empregados na limpeza da pel
CA4.4 Analizouse a composición, así como as vantaxes e os inconvenientes dos produtos limpadores faciais e corporais
CA4.5 Relacionouse o xeito de actuar dun tónico facial cos ingredientes que o compoñen
CA4.6 Diferenciouse a exfoliación estética da exfoliación médica
CA4.7 Clasifícaronse os cosméticos exfoliantes e diferenciouse o seu mecanismo de acción
CA4.8 Clasifícaronse as máscaras en función dos seus principios activos e da súa forma cosmética



Criterios de avaliación
CA4.9 Identifícaronse os principios activos dos desodorizantes e dos antitranspirantes segundo o seu mecanismo de acción
CA4.10 Analizáronse e preparáronse no laboratorio fórmulas sinxelas de cosméticos de hixiene

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Concepto de limpeza e hixiene.</p> <p>Substancias limpadoras: mecanismo de acción.</p> <p>Cosméticos limpadores faciais e corporais: composición, mecanismo de acción e formas cosméticas.</p> <p>Cosméticos tonificantes: mecanismo de acción; clasificación.</p> <p>Cosméticos dous en un de limpeza: soportes impregnados de limpeza.</p> <p>Cosméticos exfoliantes: mecanismos de acción, tipos, composición e formas cosméticas.</p> <p>Cosméticos complementarios. Máscaras: tipos, composición, criterios de selección.</p> <p>Cosméticos complementarios para o baño: sales, perlas, barras, aceites, espumas, etc.</p> <p>Cosméticos complementarios da hixiene corporal: desodorizantes e antitranspirantes.</p>

#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Análise dos cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel.	25

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Selecciona os cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel axeitados par cada tipoloxía cutánea, tendo en conta a relación entre os seus principios activos e o seu mecanismo de acción	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Distingúronse as substancias naturais que interveñen na hidratación cutánea
CA5.2 Clasifícanse os principios activos hidratantes segundo o seu mecanismo de acción
CA5.3 Seleccionouse a composición dos cosméticos hidratantes en función do tipo de pel onde se vaian empregar
CA5.4 Establecéronse as diferenzas entre unha emulsión e un aceite para hidratación corporal
CA5.5 Clasifícanse os cosméticos solares segundo a súa finalidade e o momento da súa aplicación
CA5.6 Diferenciáronse os principios activos que interveñen na formulación dos fotoprotectores solares
CA5.7 Interpretouse o grao de resistencia á auga dun fotoprotector solar e o seu poder de protección
CA5.8 Asociouse a composición dos produtos para despois do sol coa súa función
CA5.9 Analizáronse e preparáronse no laboratorio fórmulas sinxelas de cosméticos de hidratación, mantemento e protección da pel

**4.5.e) Contidos**

Contidos
<p>Cosméticos hidratantes e de mantemento da pel: concepto de hidratación cutánea natural e cosmética Principios activos hidratantes: hidratantes faciais e corporais.</p> <p>Cosméticos solares. Cosméticos previos ao bronceamento. Fotoprotectores: composición, resistencia á auga, factor de protección solar e formas cosméticas.</p> <p>Cosméticos para despois do sol.</p>

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Clasificación dos cosméticos decorativos	25

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Selecciona os cosméticos decorativos axeitados para cada tipoloxía cutánea, para o que identifica a súa composición, a súa función e zona da súa aplicación	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse os principios activos responsables da acción decorativa dos cosméticos, e diferencíaronse en función da súa solubilidade
CA6.2 Relacionouse a composición dos cosméticos decorativos coa súa forma de presentación
CA6.3 Clasifícaronse os cosméticos decorativos en función da zona de aplicación
CA6.4 Analizáronse os cosméticos para maquillar a pel do rostro, os ollos e os beizos, e especificouse o seu obxectivo
CA6.5 Especificáronse as condicións que debe cumprir un cosmético labial canto a dureza e composición
CA6.6 Enumerouse a composición dos cosméticos utilizados nos procesos de maquillaxe das uñas
CA6.7 Clasifícaronse os cosméticos para a maquillaxe corporal
CA6.8 Diferenciáronse os principios activos dos cosméticos autobronceadores e o seu xeito de actuar
CA6.9 Analizáronse artigos e expedientes sobre innovacións en cosmética decorativa

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Composición xeral: principios activos e excipientes.
Innovacións en cosmética decorativa: pigmentos, excipientes, etc.
Cosméticos para maquillar o rostro: previos á maquillaxe, fondos de maquillaxe, correctores, pos, coloretos, etc.

Contidos
Cosméticos para a decoración da zona dos ollos.
Cosméticos para os beizos.
Cosméticos para a decoración das uñas: bases, vernices, lacas, esmaltes e especiais para aerógrafo.
Cosméticos para a decoración corporal.
Cosméticos para o bronceamento artificial.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamentos de mans e pes e próteses ungueais	20

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Selecciona os cosméticos para os procesos de depilación, descoloración, tratamento de mans e pés e próteses ungueais adecuados ás tipoloxías cutáneas, tendo en conta a relación entre a composición, a forma de presentación e os efectos producidos	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícanse os compoñentes dos depilatorios químicos e o efecto que orixinan sobre a peluxe
CA7.2 Descríbense os tipos de películas adhesivas, a súa composición e as súas características
CA7.3 Analízase a composición, os efectos e o mecanismo de acción dos cosméticos que se empregan antes e despois da depilación
CA7.4 Determináronse as vantaxes e os inconvenientes dos cosméticos para eliminar a peluxe
CA7.5 Distingúese o xeito de actuar dos cosméticos descolorantes baseándose nos seus principios activos
CA7.6 Analízase a composición de cada cosmético empregado en manicura e pedicura

**Criterios de avaliación**

CA7.7 Establecéronse os criterios de selección dos cosméticos de manicura, pedicura e tratamentos de mans e pés, en función da súa acción e do servizo estético que se vaia realizar

CA7.8 Describiuse a composición e o xeito de actuar dos cosméticos empregados para uñas artificiais

**4.7.e) Contidos**
**Contidos**

Cosméticos para depilación (químicos e películas adhesivas): tipos, composición e características. Cosméticos predepilatorios e posdepilatorios.

Cosméticos descolorantes.

Cosméticos para mans e pés. Cosméticos de manicura e pedicura: composición, mecanismo de acción e formas cosméticas. Cosméticos de tratamento estético de mans e pés.

Cosméticos para uñas artificiais.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Seguridade e hixiene no almacenamento, na conservación na manipulación e na aplicación de cosméticos	10

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA8 - Aplica pautas de almacenamento, conservación e manipulación dos cosméticos, para o que identifica as condicións óptimas de uso, e prevén as reaccións adversas que poidan orixinar	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**
**Criterios de avaliación**

CA8.1 Recoñecéronse as causas e os factores que producen con máis frecuencia alteracións nos cosméticos

CA8.2 Relacionáronse as alteracións na composición dos produtos cosméticos cos cambios que se orixinan nas súas características organolépticas

Criterios de avaliación
CA8.3 Identificouse o lugar e as condicións óptimas de almacenamento para garantir a correcta conservación dos produtos cosméticos e a organización axeitada do almacén
CA8.4 Especificáronse as pautas correctas de manipulación dos produtos cosméticos para garantir unhas condicións hixiénico-sanitarias idóneas de aplicación
CA8.5 Analizáronse as consecuencias dunha incorrecta manipulación dos produtos cosméticos
CA8.6 Descríbense as pautas de recollida dos produtos cosméticos contaminados e/ou alterados, respectando a normativa e o ambiente
CA8.7 Identifícanse as reaccións adversas que poidan orixinar os cosméticos, así como os medios para os previr
CA8.8 Enumeráronse as precaucións que debe seguir o persoal para previr riscos e doenzas profesionais, e evitar contaminacións
CA8.9 Pautouse o xeito de actuar do persoal ante a aparición de reaccións adversas a cosméticos

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Estabilidade e alteracións dos cosméticos.
Conservación e almacenamento.
Alteracións relacionadas coa manipulación e a aplicación de cosméticos.
Normativa sobre recollida de produtos cosméticos contaminados e/ou alterados.
Reaccións adversas a cosméticos: causas, consecuencias, prevención e xeito de actuar.
Doenzas profesionais relacionadas coa manipulación de cosméticos: prevención.

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<b>MÍNIMOS EXIXIBLES</b> Especificados para cada unidade didáctica, no apartado 4.C, no ítem: Mínimos exixibles Os mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva son os establecidos como tales nos diferentes criterios de avaliación.
---

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

EXAME/S: 70% da nota TAREFAS: 30% da nota

En cada unha destas partes haberá que acadar como mínimo un 5 sobre 10.

Nota de avaliación: Sumarase a puntuación de exames e de tarefas

sempre e cando acade o mínimo en cada parte

7 puntos de exame (para facer media ter como mínimo 3.5)

3 puntos de tarefas (para facer media ter como mínimo 1.5)

EXAME/S : 7 Preguntas. Cada pregunta vale 1 punto.

De contido teórico-práctico. Realizaranse ó longo da avaliación. Xeralmente haberá dous parciais por avaliación. As cualificación dos parciais (se houbera máis de un) farán media cando a súa puntuación sexa alomenos dun 3.5 sobre 7

Se algún/ha alumno/a copia ou realiza algunha práctica ilegal durante as probas escritas, éstas valoraranse cun 0, e terá, polo tanto, a avaliación correspondente suspensa.

A non asistencia a algunha/s desta/s proba/s suporá a necesidade de presentarse á recuperación. Como norma xeral non se realizarán repeticións destas proba/s (a no ser en casos xustificadas)

A realización das probas escritas fóra da data fixada, só se permitirá ao alumnado que presente xustificación, con documento acreditativo, por causa maior (citación xudicial, enfermidade, ingreso hospitalario, falecemento dun familiar de ata segundo grado...)

Nota: Poderá haber probas orais, se así o requiren as circunstancias.

TAREFAS: Inclúe exercicios, traballos e libreta (vale un punto cada cousa)

Puntuación das Tarefas:

0:Non feita 0.25:Mal (insuficiente) 0.5:Regular 0.75:Ben 1:MB (Moi ben)

Valoración das Tarefas:

Exercicio: Correcto (todo/ en parte), ben explicado, profundiza o suficiente

Traballo: Orixinalidade, aspecto, contido, explicación

Libreta: Exercicios correxidos, apuntes tomados, esquemas e resúmenes ben feitos.

Nota final do módulo: Será a media aritmética das notas de cada avaliación, sempre que éstas estén superadas. Para superar o módulo haberá que acadar como mínimo un 5 sobre 10.

**6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas****6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Cando alguén non alcance unha calificación suficiente (5) en calquera avaliación, estableceranse actividades específicas de recuperación que realizarán no mes de xuño.

Os alumnos deberán traer a parte teórica preparada, para poder consultar dúbidas.

Estas actividades de recuperación poden consistir (segundo a natureza dos conceptos, coñecementos e capacidades implicados), en: Resolución de cuestionarios, análise e solución de problemas, casos prácticos, traballos, informes, exercicios, exposicións, esquemas, etc...

#### EXAMES DE RECUPERACIÓN

Despois de cada avaliación haberá recuperación por parciais: Cada persoa terá que recuperar o parcial (ou parciais) que non aprobou.

A data do exame será tamén a data de entrega de tarefas pendentes.

En Xuño haberá recuperación por avaliación: Cada persoa terá que recuperar a avaliación (ou avaliacións) que non aprobou. As preguntas estarán relacionadas cos contidos mínimos do módulo.

A data do exame será tamén a data de entrega de tarefas pendentes.

Se algún/ha alumno/a copia ou realiza algunha práctica ilegal durante as probas escritas, éstas valoraranse cun 0.

#### \*ALUMNADO de 2º QUE NON SUPEROU ESTE MÓDULO DE 1º

Alumnado de 2º que, cumprindo as condicións establecidas, promocionou pero ten este módulo de 1º pendente:

No mes de outubro, poñerase en contacto ca profesora para fixar actividades de recuperación, segundo o deseño do informe de avaliación.

O profesorado informará acerca de cómo vai avaliar. E aclarará as dúbidas que poidan xurdir na preparación da materia.

Haberá proba/s escrita sobre os contidos mínimos da materia (puntuará un 70% da nota.). E terá que facer actividades das unidades de traballo onde non acadaron os resultados previstos (puntuará un 30% da nota).

No mes de marzo realizará unha proba escrita. Para superala debe acadar o valor mínimo de 5 sobre 10. As datas serán determinadas polo Centro educativo (departamento) e comunicadas nos taboleiros.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Tal e como aparece en NOF, o dereito a avaliación continua pérdese con esta porcentaxe de FALTAS: 10% non xustificadas. Ou ben 20% totais

Avaliarase no mes de xuño, cunha única proba, de contidos teórico-prácticos, na que o alumno deberá responder a unha serie de preguntas referidas ao módulo, relacionadas cos contidos mínimos.

Para superar esta proba o alumnado deberá acadar o valor mínimo de 5 sobre 10.

As datas das probas serán determinadas polo Centro educativo (departamento) e comunicadas nos taboleiros.





Observación respecto a alumnado de 2º

Alumnado con PD en módulos de 2º : Terán a oportunidade ao de adiantar (a marzo/abril) a proba extraordinaria, en vez de ter que facela en xuño.

Deberá elixir en qué convocatoria quere facer o exame. Terá que escoller unha convocatoria por escrito: Ou marzo, ou Xuño (só unha delas, non pode ir a ambas)

A reunión de avaliación final de módulos do segundo realizarase logo de rematado o período ordinario de realización da FCT

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Nas reunións do departamento farase unha revisión mensual do cumprimento da programación e a planificación das medidas correctivas pertinentes.

Por outra banda, a memoria de fin de curso recollerá unha visión xeral do cumprimento da programación tanto da temporalización como dos contidos.

Realizaranse as propostas de modificación pertinentes, de maneira que poidan ser recollidas na programación do seguinte curso.

Para realizar a avaliación da propia práctica docente o profesorado valorará o grado de consecución dos obxetivos previstos. Debe reflexionar sobre a súa propia tarefa docente, e os desenvolvemento das clases, introducindo as modificacións necesarias para a mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A principio de curso, e tamén ao inicio de cada unidade didáctica, indagaremos acerca dos coñecementos previos do alumnado sobre a temática, co obxectivo de avaliar as nocións previas, mediante preguntas, diálogos e debates. Ao mesmo tempo despertaremos interese na materia. E detectamos posibles capacidades distintas do alumnado, por se houbera que aplicar medias específicas de atención educativa.

O titor ou titora, nos primeiros días de clase, entregaralle ao alumnado una enquisa con datos de interese para todo o equipo docente. Estes datos se poñerán en común na reunión de avaliación inicial. Quedará constancia de dita reunión nun acta firmada por todo o equipo docente.

Na reunión de avaliación inicial trataranse temas como:

Información sobre estudos previos, se repiten curso, experiencia laboral, expectativas profesionais. Se hai alumnado estranxeiro (qué tal se desenvolve en galego, en castelán), menores de idade, posibles necesidades específicas, alerxias ou enfermidades salientables, elección de delegada/o, subdelegada/o.  
Baixas de oficio. Perda de avaliación continua. E reparto de Módulos (en galego e castelán).

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

De haber alumnado con altas capacidades, ou con dificultades de aprendizaxe, por motivos motóricos, físicos, psíquicos, sensoriais, de desenvolvemento, socioculturais, de idioma, ou de calquera outra índole, se poñerá en coñecemento da orientadora, para poder levar a cabo unha atención individualizada. E para traballar conxuntamente cun plantexamento integral.

Dentro do grupo pode haber alumnos/as que non sexan capaces de acadar os obxectivos ou, pola contra, que os alcancen sobradamente.

En ambos casos deberanse considerar alternativas.

- Plantexar para cada actividade tres posibilidades:

+ Unha actividade común para todo o alumnado con fin de asimila-los contidos mínimos.

+ Unha máis complexa para o alumnado que acade sobradamente os obxectivos previstos, onde se afofunde nós coñecementos adquiridos.

+ Unha máis sinxela, con metodoloxía distinta, máis secuenciada, para que o alumnado que non acadara os mínimos, sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.

Medidas específicas xerais de adaptación das probas:

Proporcionar tempo adicional nas probas, ter en conta ao alumnado á hora de elixir o tipo de preguntas da proba: verdadeiro/falso, elección múltiple (tipo test), preguntas curtas, etc.

Adaptar a proba: destacar as palabras clave no enunciado,

utilizar preguntas claras, curtas e formuladas de forma sinxela,

apoiar visualmente as respostas (mediante liñas, guións, etc.)

reducir o número de preguntas por folla

aumentar o tamaño de letra e o espazo interlineal, se é preciso

apoiar o exame escrito con gráficos o imaxes

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

COSMÉTICA: Desde este módulo profesional desenvolverase a Educación en Valores tendo en conta as seguintes liñas específicas de actuación:

- Educación para a saúde. - Prevención de alteracións dermatolóxicas e cancro de pel a través da protección solar.
- Colaboración entre profesionais e intrusismo profesional. - Ética profesional. A confidencialidade de datos persoais.
- As verdades e mentiras da cosmética. Desenvolvemento dunha actitude crítica.
- Seguridade e saúde: Normas de fabricación, manipulación e almacenamento de cosméticos; Prevención de enfermidades profesionais.
- As Tics aplicadas ou desenvolvemento da profesión.

#### EN TODOS OS MÓDULOS

Trataranse temas de carácter transversal, fundamentalmente a través de actividades como debates, charlas, exposicións e reflexións. Exemplos:

Educación moral e cívica: Conseguir que os xóvenes adquiren normas democráticas e xustas.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos: Rexeito ás desigualdades e discriminacións derivadas da pertencencia a un sexo.

Educación para a paz: Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo. Non discriminación. As doazóns de sangue e de órganos é un xesto que simboliza a solidariedade entre os seres humanos.

Educación ambiental: Respeto o entorno físico e natural. Sostenibilidade. Consumo responsable.

Educación para a saúde: sexual, alimentación, calidade de vida e imaxe persoal. Adquirir hábitos saudables e rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas. Non relegar a educación para a saúde a un ámbito meramente físico: Potenciar o coidado da saúde mental

Educación vial: cuidado con distraccións co móbil, tanto en caso de condutores como de peatóns

Bo uso do tempo libre: Destacando a importancia de valorar as relacións interpersoais, practicar deporte, valorar a importancia do descanso, traballar na intelixencia emocional, coñecer técnicas de relaxación, cultivar amizades, levar a cabo actividades culturais (lectura, cine, teatro, arte...). Uso (non abuso) das TICs

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares prográmanse co obxecto de recibir a persoas que veñan a complementar a formación, ou ben acudir nós a distintas actividades, como poden ser demostracións, exposicións, concursos, mostras, visitas a instalacións ou establecementos relacionadas cos diferentes módulos da familia de Imaxe Persoal.

Non son fixas. Dependendo do curso, datas nas que se realizan os eventos, e disponibilidade dos profesionais colaboradores, as imos planificando coa anterioridade que é posible en cada caso.

O obxecto das actividades complementarias previstas polo departamento é familiarizar ao alumnado co seu futuro traballo profesional. Xustifícanse pola necesidade que teñen os profesionais da familia de Imaxe Persoal que, de forma continua, deben adaptarse aos cambios tecnolóxicos provocados polas novas demandas, cada vez máis específicas, producindo cambios na súa actividade profesional, de xeito que a implantación destas novas técnicas baséase no uso de equipamentos cada vez máis sofisticados e de produtos cosméticos con maior especificidade e actividade.

Aínda que están integradas nun módulo concreto, inténtase que sexan o máis abertas posibles; de feito poden implicar a dous cursos dun mesmo ciclo, a dous cursos de distinto ciclo, ou incluso a todo o alumnado dos ciclos formativos da familia de imaxe persoal.

Posibles actividades que se poderían levar a cabo: Charla motivadora relacionada do mercado laboral; visita a Expocosmética en Oporto; formación: Tratamento de queratina-Alisado; novidades en aparatoloxía para tratamentos capilares, faciais e corporais; xornadas de Imaxe Persoal, asistir á grabación dun programa de televisión en Santiago TVG (ver procesos de maquillaxe, peiteado e analizar técnicas de marketing), demostración de cor (tendencias de moda en tintes capilares/quillaxe), visita a Salerm cosmetics en Caldas de Reis.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Adaptación covid-19

Supostos que se poden presentar ao longo do curso

- a) Confinamento parcial. No suposto de que parte do alumnado teña que permanecer confinado, seguirá as clases a través da aula virtual do IES.
- b) Confinamento total do grupo. As clases impartiranse a través da plataforma virtual do IES Johan Carballeira, mentres dure o confinamento.

Avaliación:

Os contidos impartidos mentres dure o confinamento, serán avaliados de forma presencial unha vez se reenicien as actividades presenciais. (Dependendo das necesidades, poderíanse facer tamén exames no confinamento, por ordenador -orais ou escritos-)